

DECRETO

**EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,
DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.**

**ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE
INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 8/2024):
OBRADOIRO DE EMPREGO LUGO SOSTIBLE, 5.0**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **3.000,00 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación do exercicio 2024.

Visto o informe de Intervención do 05.03.2024, Ref.: 267/2024, emitido en contestación á Providencia da Excma. Sra. Alcaldesa de 04.03.2024.

Considerando o disposto nos artigos 182 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e as Bases de execución do mencionado Orzamento e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinada pola subvención concedida para o desenvolvemento do obradoiro de emprego sinalado, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 46, do martes 8 de marzo de 2022, coa finalidade de dar cumprimento á execución do proxecto "LUGO SOSTIBLE.5.0", en base á resolución notificada a este Concello o 29.07.2022.

Veño a resolver:

A aprobación do presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **3.000,00 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

OBRADOIRO DE EMPREGO LUGO SOSTIBLE, 5.0

Estado de Gastos
CP 222410204- Obradoiro de Emprego Lugo Sostible.5.0

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-03-06 14:16:46.00)

CVD: 19qmWILpKXstOV6zG+Qy

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 2020/2024

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4914845218333995194.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 8/2024 LUGO SOSTIBLE 5.0

Aplicación Orzamentaria	C.P.	Mandamento Contable	Importe
24100.48100	222410204	D: 69111/2023	3.000,00 €
TOTAL			3.000,00 €

Estado de Ingresos: Finanzamento**DEREITOS RECOÑECIDOS****CP 222410204- Obradoiro de Emprego Lugo Sostible.5.0****Aportación externa: Dereitos recoñecidos da Xunta de Galicia**

Concepto de Ingreso	C.P.	Mandamento Contable
45050	222410204	I: 104283/2022 I: 21025/2023

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

A Excm. Sra. Alcaldesa

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)